

SEMANA DO 01 AO 05 DE XUÑO

Nesta semana ímos a ver unidade sétima do curso, “Coñecemos os materiais”.

Como é unha unidade nova, ímos a traballar nada máis que as cousiñas máis importantes. Primeiro explicamos un pouco como son os materiais e logo facemos uns exercicios moi fáciles. Imos alá!

Os materiais

Na fabricación dun obxecto pode utilizarse máis dun material. Por exemplo, as tesoiras están feitas de plástico e metal. Tamén hai produtos que poden fabricarse de materiais diferentes, como os xerseis, que poden ser de la ou algodón.

Materiais moi diversos

Os obxectos que utilizamos están fabricados con distintos materiais, que teñen características moi diferentes entre si:

- Algúns materiais, como a **pedra** ou o **metal**, son duros e pesados.
- Outros, como a **la** ou o **algodón**, son brandos e suaves.

Os materiais poden ter ademais distinta orixe:

- O **coiro**, a **madeira** ou o **mármore** obtéñense directamente da natureza.
- O **plástico** ou o **crystal** elabóranse a partir doutros materiais.



Reciclamos materiais

Os materiais con que están feitas as cousas pódense utilizar máis dunha vez. Por exemplo, o papel, o plástico e o vidro usados pódense **reciclar** para fabricar novos obxectos.

Para poder **reutilizar** estes materiais é necesario que separemos o lixo nas nosas casas, para despois tirar cada tipo de residuo ao colector axeitado.



Ao reciclar os materiais contribuímos ao coidado da natureza, porque evitamos a acumulación de residuos e lixo que tardan moitísimo tempo en desaparecer.

1. De que material están feitos estes obxectos? Escribe.

plástico

ferro

madeira

cristal

ouro

coiro








2. De onde provén cada material? Une.



Dos animais.

Das plantas.

Da terra.



3. Le e marca en cada caso a definición correcta.



O metal é un material resistente.

- Non rompe facilmente.
- Rompe se se golpea.



O papel é un material flexible.

- Pódese dobrar facilmente.
- Non se pode dobrar.

4. Colorea cada colector da súa cor (verde, azul ou amarelo).



Vidro



Papel e cartón



Envases e plásticos

5. *Le e escribe V (verdadeiro) e F (falso).*

- Reciclar é utilizar de novo os materiais.
- O vidro, o papel e o cartón pódense reciclar.
- A reciclaxe non contribúe ao coidado da natureza.
- Para reciclar é necesario separar o lixo.

6. *Agora cóntame un pouco que fas na túa casa para reciclar, porque espero que recicles!*

